

A AELG e un cento de voces portuguesas solidarízanse con Carlos Santiago

Redacción | 22 de Febreiro de 2018



A Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega vén de emitir un comunicado de apoio e solidariedade co dramaturgo **Carlos Santiago**, “ferozmente criticado por sectores

Carlos Santiago durante o pregón do entroido en Compostela. Foto: Concello de Santiago.

ultraconservadores” con actitudes que “parecen retrotraer ao absolutismo medieval” despois do seu pregón no entroido de Compostela. Ao tempo, un cento de autoras, actores e dramaturgos portugueses, país co que Santiago mantén unha estreita relación, fan o propio noutro manifesto.

“Semella que unha neoinquisición anda á espreita, violando e atentando gravemente contra dereitos e liberdades tan básicas como a de expresión ou de lingua”, sinala o documento da AELG, para a que os feitos constitúen un “furibundo ataque á liberdade individual” especialmente grave por se tratar do carnaval: “Unha catarse liberadora para compensar carencias de liberdade, que boa falta nos fai, como demostran certos ataques retrógrados aos dereitos máis elementais”.

No pregón, **Carlos Santiago** (Compostela, 1966) fixo un dos seus personaxes máis emblemáticos, unha parodia do Apóstolo Santiago. Uns días máis tarde, o xornal local *El Correo Gallego* -obxecto dalgúns dardos satíricos do pregón- iniciou unha campaña contra a súa intervención baseada en dúbidas fontes, dado que non lles constaba o texto nin as gravacións da alocución.

“Someter, porque este é o verbo auténtico, a liberdade de expresión de cómicas e artistas é o que se pretende con esta campaña de acoso a Carlos Santiago como pregoeiro do entroido en Compostela”, afirma a asociación. A AELG “rexeita os ataques contra esta liberdade esencial, que forma parte da nosa tradición cultural, e as críticas inxustificadas sobre o un pregón de entroido” e faise eco do manifesto da **Asociación**

Galega de Dramaturxia, a que considera inaceptábel “este inxustificábel ataque violento á persoa de Santiago”.

De Portugal

Mais a solidariedade con dramaturgo e poeta excede o territorio galego. Un cento de autoras, autores, actrices, actores, portugueses promoven o manifesto [*Do mundo cultural e teatral portugués solidariedade com Carlos Santiago*](#). “É intolerábel a cruzada da nova inquisição que, depois do pregão de entrudo, se tem abarricado contra o pensamento libre de um cidadão fraternal e socialmente interventivo, dramaturgo é homem de teatro”, afirma, “associamo-nos a todos quantos sabem o valor da liberdade de expresión, o pensamento libre e o exercicio artístico sem mordazas”.

O documento para nos vínculos de Santiago con Portugal: “Carlos Santiago é estimado em Portugal não por dizer ou expressar o que os portugueses querem, mas por ter um pensamento próprio que dignifica os seres humanos [...] é, por natureza do seu carácter, um rei do entrudo, manifestação que, para bem da humanidade, não obriga a seguir a 'voz do dono' nem as amarras de qualquer poder”.

“Mais do que estar solidário com Carlos Santiago, importa afirmar o direito à liberdade de expressão e desmascarar uma estratégia política-religiosa ditatorial que quer crucificar quem não segue o seu ku klux klanismo. Perante estas novas cruces gamadas, qualquer um de nós é Carlos Santiago, pela ameaça que representam para a liberdade de expressão e direito a exprimirmos a nossa opinião”, conclúe.

Entre as sinaturas -aínda en proceso de recolla-, figuran o escritor **Rui Zink**, a antropóloga **Paula Godinho**, os dramaturgos **Helder Costa** ou **José Rui Martins**, compañías como **Trigo Limpo**, **A Barraca de Lisboa**, **Leirena** ou Onomatopeia, e outras e outros.

Podes ver este artigo na próxima dirección